

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 25 DE ABRIL DE 2023**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm 672/2023, de data 18 de abril)

### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup> Lúa Sanguiñedo Álvarez  
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Diego Alcantarilla Rei

### **NON ASISTEN:**

D. Óscar A. García Patiño  
D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas e dous minutos do día vinte e cinco de abril do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm 672/2023, de data 18 de abril), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.<sup>a</sup> Lúa Sanguiñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión a o Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño e a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN. SE PROCEDE. DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 18 DE ABRIL DE 2023**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 18 de abril de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 18 de abril de 2023.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

- Anuncio da Xunta Electoral de Zona da Coruña, de lugares públicos e locais oficiais designados polos concellos para a celebración de actos de campaña. BOP núm. 74, do 19-04-2023.

- Resolución da Dirección Xeral de Cultura, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de 10 de abril de 2023, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde de 19 de decembro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de

lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento CT 236A). Figura o Concello de Cambre cun importe de 2.599,98 euros. DOG núm. 76, de 20-04-2023.

- Corrección de erros, Xunta electoral Central, da Instrución 3/2023, de 13 de abril, da Xunta Electoral Central, sobre o acceso telemático ás copias do censo electoral polos representantes das candidaturas electorais proclamadas. BOE núm. 95, do 21-04-2023.

- Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de 12 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (código de procedemento TR353B), cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+Galicia 2021-2027. DOG núm. 78, do 24-04-2023.

- Resolución do presidente da Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, de adjudicación aos concellos da provincia dos espectáculos correspondentes ao programa Rede Cultural 2023. Figura o Concello de Cambre cun total de 17.103,20 euros. BOP núm. 78, do 25-04-2023.

- Resolución do presidente da Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO106: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2023. Figura o Concello de Cambre co obxecto "solicitud de subvención ao amparo da convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2023) dirixida a concellos e entidades locais da provincia da Coruña para contratar persoal técnico deportivo cun importe de subvención de 10.000 euros. BOP núm. 78, do 25-04-2023.

### **3.- PROPOSTAS**

#### **3. 1. PROPOSTA RELATIVA A DEIXAR SEN EFECTO A DESIGNACIÓN COMO RESPONSABLE DO CONTRATO DE "MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA CONTORNA DO POLÍGONO DO TEMPLE, CAMBRE (SUPERVISADO)", OBRA INCLUIDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2021, A PROL DA DONA ELENA BARTOLOMÉ DELANÖE, ENXEÑEIRA TÉCNICA DE OBRAS PÚBLICAS, E DESIGNAR COMO RESPONSABLE DO CONTRATO A DON ÓSCAR SOUTO MUÑO, ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS MUNICIPAL DO CONCELLO DE CAMBRE**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de abril de 2023 (CVD: YQXiTb+r2fXokQFkMMrf), que transcrita di:

#### **"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 31 de maio de 2022 adoptouse, entre outros, o acordo de adjudicar a obra "Mellora da accesibilidade na contorna do Polígono do Temple, Cambre

(Supervisado)", obra incluída no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ adicional 2/2021 á empresa "Vías e Servizos Compostela, S.L.", no prezo ofertado de 112.059,61€ sen IVE (135.592,13 IVE incluído). Expediente 2021/C003/000008.

Visto que no dito acordo, designouse como responsable do contrato a enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë.

Visto que por resolución da concelleira delegada de Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de febreiro de 2023, acordouse cesar con data 28 de febreiro de 2023 a dona Elena Bartolomé Delanoë, de conformidade con establecido na resolución 286/2023 da concelleira delegada de Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de febreiro, que autoriza o desempeño en comisión de servizos do posto de xefa da unidade técnica de infraestruturas, na zona centro en A Coruña da Dirección de Portos de Galicia, dende o 01 de marzo de 2023 e durante o prazo máximo de ano.

Visto a providencia emitida con data de 14 de abril de 2023 (CVD: +q9io+Lb6ooBJmZmPL8W) polo concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, que di:

*"Logo de ver que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 31 de maio de 2022 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar a obra "Mellora da accesibilidade na contorna do Polígono do Temple, Cambre (Supervisado)", é empresa "Vías e Servizos Compostela, S.L.", no prezo ofertado de 112.059,61€ sen IVE (135.592,13 IVE incluído).*

*Logo de ver que no punto noveno da parte resolutiva do acordo antedito, désígnase como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë á cal, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.*

*Tendo en conta que a enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, cesou con data 28 de febreiro de 2023,*

*Por todo o exposto, realízase a seguinte **PROPOSTA**:*

***Primeiro:** Cambiar a designación de director de obra e responsable do contrato correspondente á actuación denominada "Mellora da accesibilidade na contorna do Polígono do Temple, Cambre (Supervisado)" (2021/C003/000008), a favor de don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección de servizos.*

***Segundo:** Notificar aos interesados."*

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Deixar sen efecto a designación como responsable do contrato de "Mellora da accesibilidade na contorna do Polígono do Temple, Cambre (Supervisado)", obra incluída no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ adicional 2/2021, a prol da dona Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de obras públicas, e designar como responsable do contrato a don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro de camiños municipal do Concello de Cambre.

**Segundo:** Notificar o presente acordo ao adxudicatario e a Gallega de Coordinacións, S.L., coordinadora da seguridade e saúde da obra e dar traslado ao responsable do contrato, don Óscar Souto Muíño, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de abril de 2023 (CVD: YQXiTb+r2fXokQFkMMrf), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

### **3.2. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS E DA SUBMINISTRACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA VI ROMERÍA GALAICO-ROMANA (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2023/C004/000009)**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de abril de 2023 (CVD: 8xtlzYfQiRpJ00X8L7Fw), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o prego de prescricións técnicas que consta no expediente, asinado polo técnico en promoción económica, coa conformidade da responsable da axencia de desenvolvemento local, de data do 15.03.2023 (CVD: ChFHzCjcTqUZkKIC1R1f).

Visto a memoria xustificativa de necesidade e da insuficiencia de medios que consta no expediente, asinado polo técnico en promoción económica, coa conformidade da responsable da axencia de desenvolvemento local, de data do 15.03.2023 (CVD: iPQICLeIn2+5SX00mpdu).

Visto que consta no expediente documento de retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 430 22612 por importe de 90.000 euros.

Visto o prego de cláusulas administrativas que constan no expediente asinado pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, con data do 19.04.2023 (CVD: DrjneiU5CFq82qnEXQMZ).

Vista a providencia de inicio asinada con data do 19.04.2023 (CVD: lzaQ4yrf7d0gFodZarF3).

Visto o informe proposta emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, de data 21.04.2023 (CVD: yB23JrcnnLPtkueNVBjK).

Visto o informe favorable emitido polo interventor municipal (JUA 142/2023) con data do 21.04.2023 (CVD: 6BVn95K1xzdIWUJTppt0).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación dos servizos e da subministración para a organización da VI Romería Galaico – Romana “Galaicoi” (expediente TEdC núm. 2023/C004/000009), cun prazo de duración que abarcará dende a súa formalización ata o 31.10.2023, para cada un dos diferentes lotes, podendo prorrogarse cada un deles ata o 31.07.2024, cun valor presuposto base de licitación de 90.000 euros (IVE incluído) e un valor estimado de 163.636,36 euros.

**Segundo:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: DrjneiU5CFq82qnEXQMZ) e de prescricións técnicas (CVD: ChFHZCjcTqUZkKIC1R1f).

**Terceiro:** Aprobar o gasto polo importe de 90.000,00 euros con cargo a partida orzamentaria 430 22612 do orzamento en vigor.

**Cuarto:** De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- Presidenta: A Concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.

- Vogais:

- A secretaria xeral da Corporación, Pilar María Pastor Novo e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
- O interventor, Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
- A técnica de xestión de administración xeral, Verónica María Otero López.
- A axente de desenvolvemento local, Sonia Machín Herranz e, como suplente, a axente de emprego e desenvolvemento local, Beatriz Castro Pico.

- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao departamento de secretaría, dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

**Quinto:** Publicar este acordo mediante o correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, e dispoñer a apertura do procedemento de licitación; isto, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de abril de 2023 (CVD: 8xtlzYfQiRpJ00X8L7Fw), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 14 de abril ao 20 de abril de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 659/2023



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

e rematan coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 701/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
659/2023	14-04-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de abril de 2023
660/2023	14-04-2023	Aprobar o denominado "Proxecto básico e de execución de reforma integral da praza Fernando Buesa - O Temple", asinado pola arquitecta técnica Susana Bahamonde López con data do 22.03.2023
661/2023	14-04-2023	Conceder a licenza para a construción dun muro de contención no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre, en solo cualificado como urbano de núcleo rural nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre e urbano de vivenda unifamiliar extensiva no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cambre aprobado inicialmente o 1 de decembro de 2022, de conformidade co proxecto técnico do arquitecto don Pablo García Carrillo de novembro de 2022. Solicitante: BCP
662/2023	14-04-2023	Conceder a herdeiros de ASG e a AST a licenza municipal solicitada para a división dunha finca sita no lugar dos Campóns, parroquia de Sigrás de 9.600 m <sup>2</sup> , en sete lotes de 1.400 m <sup>2</sup> , 1.300 m <sup>2</sup> , 1.350 m <sup>2</sup> , 1350 m <sup>2</sup> , 1.350 m <sup>2</sup> , 1.798 m <sup>2</sup> e 1.052 m <sup>2</sup> , sendo ésta última de cesión obrigatoria ao Concello para a regularización de viario
663/2023	14-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 43.857,53 euros
664/2023	17-04-2023	Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal de data 20 de abril de 2023
665/2023	17-04-2023	Visar a licenza municipal de taxi núm. 24 para o ano 2023, a instancia do seu titular, LMTB, e proceder a tal efecto á anotación do dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
666/2023	17-04-2023	Visar as licenzas municipais de taxi números 19 e 25 para o ano 2023, a instancia do seu titular, JLSF, e proceder a tal efecto á anotación do dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
667/2023	17-04-2023	Aprobar a autorización e disposición do gasto por importe de douscentos euros (200,00 euros), a favor de Mapfre España, S.A., CIF.- A28141935, en concepto de franquía da póliza de responsabilidade civil subscrita polo concello de Cambre coa aseguradora Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A., en vigor no momento dos feitos indemnizables, con cargo á aplicación orzamentaria 2023 920 22400 primas de seguros, así como o recoñecemento e liquidación de obrigas
668/2023	17-04-2023	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das comisións informativas permanentes do día 20 de abril de 2023
669/2023	18-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
670/2023	18-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Solicitante: LLV
671/2023	18-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: OMOM
672/2023	18-04-2023	Delegación de funcións da Alcaldía os días 24, 25 e 26 de abril de 2023 no primeiro tenente de alcalde Juan González Leirós
673/2023	18-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 54.765,54 euros
674/2023	18-04-2023	Anular os modificativos de crédito, transferencias de crédito 1/2023, 2/2023 e 3/2023 na súa totalidade
675/2023	18-04-2023	Conceder as axudas de emerxencia social para pagamento de tres recibos de alugueiro correspondentes aos meses de febreiro, marzo e abril de 2023. Solicitante: MT
676/2023	18-04-2023	Convocatoria da Comisión de Seguimento do PES para o día 21/04/2023
677/2023	18-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
678/2023	18-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
679/2023	18-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
680/2023	18-04-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación a CGR porque se atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios
681/2023	18-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JLDM
682/2023	18-04-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para dous recibos de alugueiro correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2022. Solicitante: MMS
683/2023	18-04-2023	Arquivar o expediente número 2022/I002/000059, incoado a aos herdeiros de por obras realizadas na finca sita en Aldea, parroquia de Andeiro, consistentes na reforma e ampliación do galpón existente, sen o preceptivo título habilitante, xa que segundo queda acreditado se executou a demolición das anteditas obras, dando así cumprimento ao ordenado en resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, do día 31 de maio de 2021
684/2023	18-04-2023	Arquivar o expediente número 2021/I002/000009, incoado a NLG e JJCY, pola colocación dunha unidade exterior do sistema de climatización na fachada da vivenda sita en Amil, sen o preceptivo título habilitante, quedando resolto coa presentación da comunicación previa número 2021/U026/000061
685/2023	18-04-2023	Arquivar o expediente número 2021/I002/000015 incoado a JNL pola construción dun peche sen axustarse á comunicación previa 2020/U026/000328, xa que segundo queda acreditado no expediente foi demolido na súa totalidade
686/2023	18-04-2023	Estimar as alegacións presentadas por FCU e polo tanto arquivar o expediente 2021/I002/37, ao terse legalizado o cerramento denunciado coa comunicación previa núm. 2022/U026/000128
687/2023	18-04-2023	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela 66, rúa Fleming e Bell, do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre, en dous módulos, sen título habilitante



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

688/2023	18-04-2023	Ordenar a AVB a retirada inmediata do mobiliario que se atopa ocupando a vía pública, fronte ao local denominado Shisha bar, sito en Otero Pedraio, O Temple, carecendo da preceptiva licenza de terraza
689/2023	18-04-2023	Suspender inmediatamente os actos de construción que está a realizar CBK, na finca sita en Piñeiro, Brexo, consistentes na execución de dúas construcións, un peche e un galiñeiro sen título habilitante, nun solo clasificado como rústico común, de acordo co disposto polo artigo 156.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
690/2023	18-04-2023	Desestimar as alegacións presentadas por MIBG, actuando en representación de JCG por realización de obras de reforma de vivanda sita en Frais, Cecebre
691/2023	18-04-2023	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar CST realizados na parcela sita A Torre, San Lourenzo, consistentes na construción dun peche sen axustarse a comunicación previa habilitada número 2020/U026/000397, ao non gardar o recuamento establecido ao camiño publico número 1C.1.0287, de conformidade co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
692/2023	18-04-2023	Desestimar as alegacións presentadas por PFF, en representación de RLG, por canto que non desvirtúan os feitos denunciados, sen que por outra parte se poida ampliar un prazo que aínda non foi concedido
693/2023	19-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
694/2023	19-04-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 12/2023 por importe de 41.260,50 euros
695/2023	19-04-2023	Aprobar a relación de docentes para a contratación laboral temporal ou nomeamento de funcionario interino para a impartición de cursos de formación para o emprego das especialidades de montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas e operacións de fontanería e calefacción-climatización doméstica
696/2023	19-04-2023	Asignar o número 34-A, á vivanda unifamiliar situada no lugar de Cabana, parroquia de Anceis, CP 15181, Cambre
697/2023	19-04-2023	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela en rúa Fleming e Daimler, do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre, en dous módulos, sen título habilitante, xa que, segundo informe de data 23 de maio de 2022, as obras citadas levan máis de 6 anos rematadas e dispostas para o fin para o que foron construídas, quedando a edificación existente na situación do artigo 90.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de conformidade co artigo 377.2 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro
698/2023	20-04-2023	Delegar a presidencia da sesión do Grupo de seguimento e avaliación do Plan estratéxico de subvencións, que terá lugar o vindeiro venres 21 de abril de 2023, ás 09:00 horas, no primeiro tenente de alcalde D. Juan González Leirós
699/2023	20-04-2023	Arquivar o expediente número 2023/i004/000022, incoado a JMMR pola existencia de vertidos de materiais, na parcela sita en Castrillón



		Pravio, sen título habilitante, posto que segundo queda acreditado no expediente os vertidos denunciados foron retirados
700/2023	20-04-2023	Declarar a renuncia de RNL á licenza de vao permanente, con número fixo 503000728994, concedida por resolución da Alcaldía de data 25 de xaneiro de 2011 para o acceso á vivenda unifamiliar situada na rúa Aián, parroquia de Sigrás, con efectos a partir do 31 de decembro de 2022
701/2023	20-04-2023	Declarar a renuncia de BC, SL á licenza de vao laboral, con número fixo 503000436262, concedida por acordo da Comisión de Goberno de data 30 de setembro de 1998 para o acceso ao local situado na rúa Graduil, parroquia de Cambre, con efectos a partir do 31 de decembro de 2022

## **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Non adxudicación por motivos de interese público do contrato de subministración e impresión de papeletas de votación para as eleccións municipais de maio de 2023.

A Sra. Pan Lesta intervéen e manifesta que a urxencia do asunto vén motivada pola necesidade de acelerar, por motivos de interese público, a resolución do expediente.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, e é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

### **ÚNICO. NON ADXUDICACIÓN POR MOTIVOS DE INTERESE PÚBLICO DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E IMPRESIÓN DE PAPELETAS DE VOTACIÓN PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DE MAIO DE 2023**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de abril de 2023 (CVD: G3Bz/xGQBIZHOYYInuW7), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o informe emitido con data do 24.04.2023 pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral (CVD: VKlpWSfQt5l2UwuUBKy5) que di:

***“Asunto: Potestad de no adjudicación del contrato de suministro e impresión de papeletas de votación para las elecciones municipales de mayo de 2023.***

*La funcionaria que suscribe, en relación al asunto de referencia, emite el siguiente informe:*

#### **ANTECEDENTES**

I.- Por acuerdo de la Junta de Gobierno Local adoptado en sesión de fecha 21 de marzo de 2023 se acordó aprobar el expediente de contratación del suministro e impresión de papeletas de votación para las elecciones municipales de mayo de 2023, aprobar el pliego de cláusulas administrativas particulares y el de prescripciones técnicas, aprobar el gasto por importe de 2.225,80 euros con cargo a la partida presupuestaria 92022199 del presupuesto en vigor, designar integrantes de la unidad técnica de asistencia prevista en la cláusula 15.1 del PCAP a la técnica de gestión de administración general, doña Verónica María Otero López y a la auxiliar administrativa doña María Juncal Capín Fonseca, y publicar el acuerdo en el perfil del contratante, así como los documentos del expediente que contiene la información a que se refiere el artículo 63.3 de la LCSP.

II.- El anuncio de licitación se publicó en la plataforma de contratación del sector público en fecha 23 de marzo de 2023.

III.- Dentro del trámite de presentación de proposiciones se presentaron las siguientes:

- LES MESURES, S.L. (domicilio social en el municipio Seu D'Urgell, provincia de Lérida).
- ROGER GASULL VILAGRAN (domicilio social en el municipio de Viladamat, provincia de Gerona).
- SUMINISTROS TÉCNICOS LÓPEZ SANCHO, S.L. (domicilio social en el municipio de Toledo, provincia de Toledo).

IV.- Según consta en el acta del órgano de asistencia de fecha 11 de abril de 2023, en dicha sesión se acordó excluir la oferta presentada por el licitador Suministros técnicos López Sancho S.L. por exceder el presupuesto base de licitación y admitir las ofertas presentadas por el resto de licitadores así como ordenarlas por orden decreciente de clasificación según la puntuación correspondiente al único criterio de valoración establecido en la cláusula 12 del PCAP. En dicha sesión, el órgano de asistencia formuló propuesta de adjudicación a favor del licitador LES MESURES S.L. en el precio ofertado por unidad de papeleta, de 0,0120 euros sin IVA, 0,0145 IVA incluido, por ser la entidad que obtiene mayor puntuación en aplicación del único criterio de adjudicación que consta en la cláusula 12 del PCAP (oferta económica).

También se acordó requerir al licitador para que en el plazo de siete días hábiles presentase la documentación que especifica .

V.- En fecha 19 de abril de 2023 se remite a la cuenta de correo de la funcionaria encargada del Padrón de habitantes de este Ayuntamiento correo electrónico de personal del INE en el que se indica , entre otras cosas, lo siguiente:

“(…/…)”

Posto que a normativa electoral establece que a documentación para o voto debe enviarse a partir do luns **8 de maio**, solicítase que entregue estas papeletas, xunto cun xogo de cada unha das candidaturas proclamadas visadas pola xunta electoral de zona, antes dese día.

Esta delegación permanecerá aberta o venres día 5 ata as 18:00 horas.”

VI.- En fecha 21 de abril de 2023, el órgano de asistencia propone excluir a LES MESURES S.L. de la contratación del Suministro e impresión de papeletas de votación para cada una de las candidaturas (expediente TEdC 2023/C005/000004) por no acreditar la solvencia técnica mediante trabajos de igual o similar naturaleza, entendiendo por estos aquellos cuyos tres primeros dígitos de los códigos CPV sean “228”. así como no adjudicar, por motivos de interés público, el contrato de suministro e impresión de

papeletas de votación para las elecciones municipales de mayo de 2023 por los motivos expuestos anteriormente.

## FUNDAMENTOS DE DERECHO

**Primero.-** El artículo 152 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público permite que el poder adjudicador decida no adjudicar o celebrar el contrato por razones de interés público, así como desistir del procedimiento de adjudicación cuando concurren determinadas circunstancias. Señala dicho precepto legal lo siguiente:

*“Artículo 152. Decisión de no adjudicar o celebrar el contrato y desistimiento del procedimiento de adjudicación por la Administración.*

1. En el caso en que el órgano de contratación desista del procedimiento de adjudicación o decida no adjudicar o celebrar un contrato para el que se haya efectuado la correspondiente convocatoria, lo notificará a los candidatos o licitadores, informando también a la Comisión Europea de esta decisión cuando el contrato haya sido anunciado en el «Diario Oficial de la Unión Europea».

2. La decisión de no adjudicar o celebrar el contrato o el desistimiento del procedimiento podrán acordarse por el órgano de contratación antes de la formalización. En estos casos se compensará a los candidatos aptos para participar en la licitación o licitadores por los gastos en que hubiesen incurrido en la forma prevista en el anuncio o en el pliego o, en su defecto, de acuerdo con los criterios de valoración empleados para el cálculo de la responsabilidad patrimonial de la Administración, a través de los trámites del procedimiento administrativo común.

3. Solo podrá adoptarse la decisión de no adjudicar o celebrar el contrato por razones de interés público debidamente justificadas en el expediente. En este caso, no podrá promoverse una nueva licitación de su objeto en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la decisión.

4. El desistimiento del procedimiento deberá estar fundado en una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, debiendo justificarse en el expediente la concurrencia de la causa. El desistimiento no impedirá la iniciación inmediata de un procedimiento de licitación.

5. En el supuesto de acuerdos marco, el desistimiento y la decisión de no adjudicarlos o celebrarlos corresponde al órgano de contratación que inició el procedimiento para su celebración. En el caso de contratos basados en un acuerdo marco y en el de contratos específicos en el marco de un sistema dinámico de adquisición, el desistimiento y la decisión de no adjudicarlos o celebrarlo se realizará por el órgano de contratación de oficio, o a propuesta del organismo destinatario de la prestación.”

En este precepto se reconoce una potestad de la Administración, cuyo ejercicio no es incondicionado, sino que está sometido en ambos casos a los límites precisos recogidos en el propio artículo.

Esta forma de finalizar el procedimiento se halla regulada básicamente en los mismos términos que el derogado TRLCSP por lo que es de aplicación toda la doctrina que al respecto se ha desarrollado.

La renuncia, a diferencia del desistimiento, es una manifestación del ejercicio de una potestad discrecional de la Administración, por lo que cabe siempre que concurra motivación suficiente. A este respecto, procede recordar que la jurisprudencia del Tribunal de Justicia de las comunidades Europeas no establece que la renuncia del poder adjudicador a adjudicar un contrato se limite a casos excepcionales o se base necesariamente en motivos graves.

*Desde el punto de vista jurídico, para que proceda válidamente la renuncia es necesario que se den tres requisitos conjuntamente: uno temporal, que la renuncia sea acordada por el órgano de contratación antes de la adjudicación del contrato, otro sustantivo, que concurra una causa de interés público, y otro de motivación, esto es, que la resolución sea motivada y que las razones se encuentren justificadas en el expediente.*

*El interés público es el elemento central para ejercer la potestad citada. Se trata de un concepto jurídico indeterminado que debe fundamentar y justificar la decisión de renuncia a la celebración de un contrato. Este concepto genérico se concreta cuando la Administración actúa guiada con la intención de obtener el interés general.*

*La renuncia a la celebración del contrato acordada por el órgano de contratación, con anterioridad a la adjudicación del contrato administrativo, debe ampararse en razones de interés público debidamente justificadas en el expediente, sin que deba concurrir inexorablemente el presupuesto de que las razones invocadas deban tener un carácter sobrenvenido o exógeno al propio procedimiento de licitación, en la medida que lo que resulta determinante es que dichas razones de interés público persistan antes de la culminación del procedimiento de adjudicación del contrato público (sentencia del Tribunal Supremo de 9 de junio de 2022).*

*Como señala el Tribunal Administrativo de contratación pública de la comunidad de Madrid en acuerdo de 1 de septiembre de 2022: “La renuncia no se configura como una opción de libre utilización, sino como una solución a la que únicamente podrá acudir cuando la continuación de las actuaciones o la ejecución del contrato perjudique el interés público o sea incompatible con él. De ahí que la justificación de la decisión de la Administración de no adjudicar el contrato haya de constar en el expediente administrativo y de ella deberá tener el oportuno conocimiento el contratista a los efectos pertinentes”.*

*Procede, por tanto, analizar si en el presente caso se dan los requisitos para acordar la no adjudicación del contrato.*

*En cuanto al cumplimiento del requisito temporal, habida cuenta que el contrato no se encuentra adjudicado, se cumple el mismo.*

*Y por lo que respecta a las razones de interés público se hace preciso señalar lo siguiente:*

*El procedimiento de licitación se ha instruido y tramitado en aras al suministro e impresión de papeletas de votación para cada una de las candidaturas necesarias para las elecciones locales de este Ayuntamiento.*

*El Pliego de prescripciones técnicas que rige la contratación señala, en las cláusulas 2.2 y 2.3. lo siguiente:*

## **“2.2.- FORMA DE EJECUCIÓN DEL CONTRATO**

*La encargada del Padrón Municipal de Habitantes, una vez proclamadas las candidaturas, proporcionará al adjudicatario los logotipos de las mismas, para que, junto con los datos publicados en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña, elabore las pruebas de cada una de las candidaturas.*

*Dentro de los dos días naturales siguientes a la proclamación de las candidaturas, el adjudicatario remitirá a la encargada del Padrón municipal de Habitantes las pruebas de las papeletas de cada*

*una de las candidaturas para que sean aprobadas y visadas por la Junta Electoral de Zona de A Coruña antes de proceder a su fabricación.*

*Únicamente serán válidas las papeletas fabricadas conforme los modelos aprobados por la Junta Electoral de Zona.*

### **" 2.3.- OBLIGACIONES DEL CONTRATISTA**

*Las papeletas para el voto por correo se entregarán en las oficinas de Padrón Municipal (sitas en la planta baja de la Casa del Ayuntamiento - calle Atrio nº 1, Cambre), antes del quinto día natural desde la proclamación de las candidaturas, facilitando 500 ejemplares de cada una de ellas, por el orden en que aparezcan publicadas oficialmente".*

*En el presente caso, el plazo concedido al primer licitador para presentar la documentación previa a la adjudicación finalizó el día 20 de abril de 2023, y al no considerar acreditada la solvencia técnica de este procedería su exclusión y habría que requerir al segundo para que presentase la documentación pertinente; aunque se hubiera realizado el requerimiento el día 21 de abril, el plazo de que dispondría el licitador para presentar la documentación finalizaría a las 23:59 horas del día 3 de mayo de 2023, por lo que no podría adjudicarse el contrato hasta, como mínimo, el día 4 de mayo, es decir, cuando ya debiera de estar en ejecución.*

*Además de lo anterior, teniendo en cuenta que, de acuerdo con el calendario electoral, las candidaturas se proclamarán el día 1 de mayo de 2023, y se publicarán en el Boletín oficial de la Provincia el 2 de mayo de 2023, de acuerdo con el pliego de prescripciones técnicas el adjudicatario debería remitir al Ayuntamiento las pruebas de las papeletas, a lo sumo, el 4 de mayo para su validación por la Junta Electoral de Zona, y entregar en las oficinas de padrón del Ayuntamiento las papeletas para el voto por correo antes del día 7 de mayo.*

*La Junta Electoral de Zona ha comunicado que la validación de las papeletas la realizará el día 5 de mayo. Y de acuerdo con la comunicación recibida del INE a la que se ha hecho referencia en los antecedentes, ese mismo día 5 de mayo hay que remitirle, hasta las 18.00 horas, las papeletas para el voto por correo .*

*Por tanto, el plazo establecido en el pliego de prescripciones técnicas para la entrega de las papeletas para el voto por correo supera el día que ha fijado el organismo competente para recibirlas.*

*Aún en el supuesto de que el Ayuntamiento tuviera ya las papeletas para el voto por correo preparadas, hasta el día 5 de mayo no se podría garantizar que la Junta electoral de zona las validase y, ante un eventual error y falta de validación, el hecho de que la empresa que realizase la impresión y suministro se encuentre a más de 1000 kilómetros del Ayuntamiento de Cambre impediría que se entregasen las papeletas corregidas para su validación, imprimiesen una vez validadas y se remitiesen al Ayuntamiento con tiempo suficiente para efectuar las comprobaciones pertinentes y poder entregarlas ese mismo día, antes de las 18:00 horas, a la Delegación Provincial del Instituto Nacional de Estadística.*

*Estas circunstancias, específicamente el hecho de que los trabajos se realizasen a más de 1000 kilómetros de distancia podrían suponer la imposibilidad de cumplir los plazos citados, la imposibilidad del cumplimiento de la finalidad del contrato , y podría poner en riesgo o dificultar la materialización del proceso electoral.*

*Por lo tanto, a juicio de las que subscriben, en el presente supuesto concurren razones de interés público que habilitan para no adjudicar el contrato.*

*La no adjudicación del contrato no impide la realización dun nuevo procedimiento de contratación siempre que la empresa que se contrate se encuentre a una distancia que permita la realización y entrega de las papeletas para el voto por correo ante las posibles eventualidades que pudieran surgir (incluída la necesidad de imprimir ese mismo día nuevas papeletas por no ser validadas por la Junta electoral de zona las anteriormente presentadas), el día 5 de mayo de 2023 antes de las 16:00 horas ( pues el Ayuntamiento debe disponer de tiempo para comprobarlas y entregarlas en la delegación del INE antes de las 18:00 horas).*

### **CONCLUSIÓN:**

*En atención a lo expuesto se informa favorablemente la no adjudicación del contrato, por lo que se formula la siguiente propuesta:*

**Primero.-** *No adjudicar por motivos de interés público el contrato de suministro e impresion de papeletas de votación para las elecciones municipales de mayo de 2023 por los motivos expuestos en el presente informe.*

**Segundo.-** *Dejar sin efecto la aprobación del gasto acordada por acuerdo de la Junta de Gobierno Local en sesión de fecha 21 de marzo de 2023.*

**Tercero.-** *Dar traslado de este acuerdo a la Intervención municipal a través de la plataforma TEdC.*

**Cuarto.-** *Notificar este acuerdo a los licitadores y publicarlo en el perfil del contratante de este Ayuntamiento, alojado en la Plataforma de contratación del Sector Público.*

*Esta resolución, de conformidad con lo establecido en el artículo 114 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las Administraciones Públicas, pone fin a la vía administrativa.*

*A tenor del establecido en los artículos 112 y 123 de la citada ley, podrá recurrirse potestativamente en reposición o impugnarla directamente ante la jurisdicción contencioso-administrativa.*

*El plazo para interponer el recurso de reposición es de un mes a contar desde el día siguiente a la recepción de esta notificación y deberá presentarlo ante el mismo órgano que a dictó (artículo 124 de la Ley 39/2015).*

*El plazo para interponer el recurso contencioso-administrativo es de dos meses a contar desde el día siguiente a la recepción de esta notificación y deberá presentarlo ante el Juzgado del Contencioso-Administrativo de A Coruña o la Sala del Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (según la distribución competencial establecida en los artículos 8 y 10 de la Ley 29/1998, de 13 de julio , reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa); todo isto sin perjuicio de que pueda ejercitar, de ser el caso, cualquier otro recurso que estime procedente”.*

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte  
**ACORDO:**



**Primeiro.-** Non adxudicar por motivos de interese público o contrato de subministración e impresión de papeletas de votación para as eleccións municipais de maio de 2023 polos motivos expostos no informe transcrito.

**Segundo.-** Deixar sen efecto a aprobación do gasto acordada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de marzo de 2023.

**Tercero.-** Dar traslado de este acordo á Intervención municipal a través da plataforma TEDeC.

**Cuarto.-** Notificar este acordo aos licitadores e publicalo no perfil do contratante deste Concello, aloxado na Plataforma de contratación do Sector Público.

Esta resolución, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pon fin á vía administrativa.

A tenor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpor o recurso de reposición é dun mes a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpor o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de abril de 2023 (CVD: G3Bz/xGQBIZHOYYInuW7), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo